

C. G. A. C. E AS SÚAS MONSTRUOSAS TRANSFORMACIÓNS

Xan Casabella López, arquitecto
Carlos G. Seoane, arquitecto

A un catedrático da Escola de Arquitectura, oímoslle que dicía ós seus alumnos que a Arquitectura é unha das Belas Artes, como o poden ser a música ou a pintura. Igoalmente oímoslle facer comentarios irónicos sobre as mutilacións ofensivas das partes sexuais de esculturas ou pinturas clásicas por parte das autoridades eclesiásticas de épocas mesquiñas, tachándoas de intervencións deplorables.

Concordamos plenamente con que a arquitectura é arte, e pensamos que no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC) que é unha obra de arte arquitectónica, se fixeron mutilacións ofensivas deplorables por parte da Dirección e sin o consentimento do seu autor, equiparables ás comentadas anteriormente. Explicarémonos.


Cando se fixo o CGAC, encargouse unha obra de autor a Alvaro Siza, para o que, o Alcalde de Santiago e outros intelectuais de Galicia, tiveron que convencer ás autoridades políticas que o arquitecto portugués podería facer unha verdadeira obra de arte arquitectónica. O resultado coidamos que colmou as expectativas, convertíndose nunha obra paradigmática do autor e punto de referencia imprescindible da arquitectura de finais de século, como o demostran as numerosas publicacións e comentarios críticos feitos polas mellores firmas especializadas do mundo.

Preguntámonos cal sería a reacción dos dirixentes do CGAC si algún visitante, disconforme con unha obra exposta, procedera á súa mutilación. Pensamos, tamén, que hoxendía non pasa pola cabeza de ningunha directiva de ningún Museo do mundo, mercar un Picasso, para despois encargarlle a un restaurador amigo que lle retoque unha cor que ó pintor malagueño non lle quedou demasiado ben.

Pero diranme que un edificio non é igual que unha pintura, que aquel, ademais de ser un achádego formal e constructivo, debe cumprir satisfactoriamente a función para a que foi construído e ofrecer unha imaxe significativa da sociedade e do contexto no que se inserte. Pois ben, pensamos que nos casos nos que a Arquitectura é unha auténtica obra de arte integral, non fruto da improvisación ou da frivolidade, nin unha proposta casual ou oportunista, senón un equilibrio armónico entre función, forma, técnica e semántica, como tratamos de demostrar que pasa no CGAC nun artigo anterior (Obradoiro 23). Nese caso, dicíamos, pintura e arquitectura son obras de arte equiparables e calqueira intervención, por man allea ó autor, descoñecedora das múltiples interaccións entre as partes ou entre éstas e o todo, pode alterar definitivamente o resultado da obra.


Por eso algunhas obras de arte arquitectónica deben ser "intocables" por man allea, e por eso algunchos arquitectos, Rafael Moneo entre eles, acordan coa propiedade firmarlle ó autor un contrato de conservador durante dez anos.

edificio "con alma" froito da conxunción dun lugar moi singular e do intre creativo dun dos mellores arquitectos do século XX. As proporcións dos espazos, os percorridos, as relacións entre éstos, os seus cometidos, a construción e o resultado formal, crean un conxunto equilibrado e fráxil. Alterar calqueira destas relacións sin unha sensibilidade afinada, supón dañar, xa que logo,



BOSQUEXO DE
ALVARO SIZA,
DA SÁ DE DOBLE
ALTURA

ASPECTO DA MESMA
SÁ CO EDIFICIO
RECEN REMATADO



ASPECTO DA MESMA SÁ
CUNHA INSTALACIÓN
E O ESPACIO PECHADO



o conxunto e trastoca-lo seu equilibrio ata converterse nun monstro.

A nova dirección do CGAC, cando tomou posesión, co edificio xa rematado, recoñeceu publicamente a súa valía editando libros, facendo conferencias e montando unha magna exposición do seu autor. Pero posteriormente comezou a atoparlle tachas: a fragilidade dos pavimentos de pedra non aguantan pesadas esculturas; os lucernarios non permiten ver pinturas de gran formato; a cafetería está mal ubicada, a terraza é de peado acceso, o salón de actos non se pode oscurecer, a moblaxe é incómoda, etc. En resumen, o edificio funciona mal para o que pretende a Dirección. Compre, xa que logo, altera-lo. Propónselle ó arquitecto mudar a colocación da cafetería para a cuberta, eliminar as "mesas" invertidas dos lucernarios, etc., pero Siza considerou algunhas propostas inaceptables e inviables, mentras que para outras ofreceu solucións. Ante a falla de entendimento, a Dirección do CGAC, decide pola súa conta, transformar algunhas partes do edificio e eliminar a moblaxe que resultaba incómoda. Non se realiza a moblaxe da biblioteca, abandónase a cafetería e o posto de venda de libros, négase o acceso á terraza, tápiase unha das escaleiras de acceso á planta primeira, péchase o espazo a dobre altura, céganse algunhas fiestras, ocúltanse espazos enteiros de paso, substitúense as cadeiras de Siza por outras, etc. En definitiva, os itinerarios mudan sustancialmente, a secuencia ráchase e o fráxil equilibrio desaparece convertindo o edificio nunha obra diferente.

As protestas de Siza nos medios de comunicación, son respondidas pola Dirección do CGAC alegando que os cambios son provisionais e que non se afectou a estrutura do edificio. Pero o certo é que os cambios aínda permanecen e se alterou a "estructura" espacial do mesmo. Perdeuse o sentido de percorrido do Centro, para pasar de un "promenade" aberto e interconectado a espazos máis convencionais pechados, tipo "culs de sacs". Co cerramento do dobre espazo eliminouse a fluidez entre as dúas plantas e privoulle ás salas do primeiro piso un remate que absorbese a súa tensión horizontal. A transparencia e comunicación visual co exterior en algunhos puntos pérdese co peche de fiestras, negándolle a forza do contexto. Pero os cambios, que recoñecemos como reversibles na súa execución, teñen o mesmo aspecto que o resto da obra non quedando constancia por ningures da súa provisionalidade. En definitiva, a obra perdeu para o autor, aquilo que lle facía ter sentido na súa complexidade e crea un equívoco na autoría do mesmo.


O crítico sensible que non coñecese o Centro tal e como estaba nas primeiras exposicións, e sómente o experimente como está na actualidade, pensará que é unha mala arquitectura, pois non concordan o funcionamento interior e a concatenación de volumes exteriores,

Pero o cinismo é tal, que apesares desto, o CGAC continua a amosar polo mundo adiante a exposición das obras de Siza ¡o grande arquitecto que fixo o Centro!. As cadeiras "que matan as costas" segundo palabras da directora Gloria Moure, están gardadas "para exposicións que no futuro poidan realizarse sobre o deseño realizado por Alvaro Siza". Isto, é unha aberración, pois as cadeiras foron deseñadas fundamentalmente para se sentar nelas, non polo "seu indudable valor estético". Senón é así e se considera que resultan incómodas o millor será retiralas definitivamente ou propórle ó autor o seu rediseño ¡non querelas converter en esculturas!.

A Dirección, dado que xa chegou a un edificio construído, debía tratar de adaptarse ás posibilidades que éste ofrece, explotar as súas potencialidades, e non violentalo como se está a facer amparada nun funcionamento predeterminado. Debíase evitar esa loita absurda entre o edificio e os responsables da súa xestión, e si se considera que é inviable o seu funcionamento, e imposible o diálogo, sempre queda a saída da dimisión. Porque pasará esta Dirección e varias máis, pero o edificio debe permanecer, sin mutilacións, como unha obra de arte significativa, referencia do millor que se puido construír en Santiago a finais do século XX. E neste punto pensamos que teñen algo que dicir, a Xunta de Galicia (propietaria do inmovible), a Escola de Arquitectura e o Colexio de Arquitectos como representante da sociedade o primeiro e de organizacións do colectivo de especialistas os segundos, pois todos deben velar pola correcta conservación destes novos monumentos.

A Coruña, Xaneiro 1997

ASPECTO DA
ESCALEIRA E FIESTRA
DA PLANTA BAIXA
COA PROPOSTA
DE ALVARO SIZA



ASPECTO DO MESMO
ESPACIO NA
ACTUALIDADE

